

Número 2/2026 - Ano 202

ACTA

da sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

6 de febreiro de 2026

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás ____ horas do día seis de febreiro de dous mil vinte e seis, baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, reúnen-se os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGU VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. tenente de alcalde delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Institucionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos; DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, Ilmo. Sr. tenente de alcalde delegado da Área de Urbanismo e Deportes e Xuventude; DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, concelleira delegada de Muller, Igualdade e Inclusión; DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO, concelleiro delegado de Movementos Migratorios; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. tenente de alcalde delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, concelleiro delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DONA IRIA BUIDE PENA, concelleira delegada de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluído o presidente.

Dá fe do acto a secretaria xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, e está presente o interventor xeral municipal don Luis Ramón Vázquez Parga.

ACTAS E GOBERNO

ARG/cal

Ref: 26ap020602

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 6-2-2026 (ORZAMENTO 2026)

Esta sesión foi convocada por resolución da Alcaldía do 3 de febreiro do 2026 e notificada por Secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/12 PROPOSTA DE APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2026.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, o seguinte ACORDO:

1/12 APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA O EXERCICIO 2026 E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DO ALCALDE PRESIDENTE, do 29 de xaneiro de 2026, que figura no expediente.

2. ACTA DO CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL, do 28 de xaneiro de 2026, na que se deu conta do proxecto de orzamento xeral da Corporación para o ano 2026.

3. EMENDAS presentadas polo Grupo Municipal do Partido Popular no Rexistro de Pleno o día 2 de febreiro de 2026, números de rexistro de entrada 37 a 51, ambos os dous inclusive, para a súa elevación á Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria de Xestión Integral de Recursos Internos e Urbanismo e Deportes e Xuventude.

4. DITAMES FAVORABLES ás emendas 43, 45 e 50 da Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria de Xestión Integral de Recursos Internos e Urbanismo e Deportes e Xuventude, emitidos na sesión celebrada o día 3 de febreiro de 2026 que, a seguir, se relacionan:

'Sétima.- EMENDA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 43/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA BONIFICACIÓN DO IBI EN DETERMINADAS ÁREAS DE EXPANSIÓN.

A comisión, por cinco votos a favor, do Grupo Municipal do Partido Popular e de dona María Cristina López Fernández, catro en contra, dos grupos municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego, **ACEPTA** a referida emenda.

Novena.- EMENDA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 45/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA OBRAS NA RÚA FERMÍN RIVERA.

A comisión, por cinco votos a favor, do Grupo Municipal do Partido Popular e de dona María Reigosa Castro, catro en contra, dos grupos municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego, **ACEPTA** a referida emenda.

Décimo cuarta.- EMENDA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 50/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE RECOLLA NOS

CONVENIOS PARA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS NOMINATIVAS A POSIBILIDADE DE PAGAMENTOS ANTICIPADOS.

O interventor formula a seguinte proposta que é **aprobada por unanimidade** e que, unha vez concretada e redactada remite á Sección de Actas para a súa inclusión nesta acta, e cuxo texto figura a continuación en cursiva:

BASE 24. SUBVENCÍONS

...

B) Principios xerais

As subvencións outorgaranse baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Con carácter xeral as bases reguladoras das subvencións en réxime de concorrencia e os convenios a través dos que se canalicen as subvencións nominativas recollerán un pagamento anticipado do 50% da axuda sen necesidade de garantías, que suporá unha entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións, salvo que polo servizo xestor se xustifique no expediente a súa improcedencia. Este anticipo axustarase ao disposto no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións.'

5. SOLICITUDES ao Pleno, presentadas polo Grupo Municipal do Partido Popular no Rexistro de Pleno o día 4 de febreiro de 2026, números de rexistro de entrada 52 a 65, ambos os dous inclusive, para que se eleven ao Pleno, en virtude do artigo 90.4 varias das anteriores emendas.

6. DECRETO NÚMERO 895/2026, DO 5 DE FEBREIRO, de admisión de varias das emendas presentadas polo Grupo Municipal do Partido Popular, cuxos parágrafos resolutivos primeiro e segundo se transcriben a continuación:

'Primeiro.- Inadmitir a trámite as emendas presentadas polo Grupo Municipal Popular rexistradas cos números 52 a 65 en data 4 de febreiro de 2026 ao non ser aplicables as normas contidas no artigo 90.4 do Regulamento Orgánico que consecuentemente non serán debatidas nin votadas na sesión plenaria do vindeiro día 6 de febreiro en cuxa orde do día incluíuse a proposta de aprobación do orzamento xeral para o ano 2026.

Segundo.- Si se incluírán para o seu debate e votación as emendas ditaminadas favorablemente na sesión da Comisión Permanente Especial de Contas e ordinaria de xestión de Recursos Internos e Urbanismo e Deportes e Xuventude celebrada o día 3 de febreiro e que se rexistraron de entrada cos números 43, 45 e 50, así como a número 46 que aínda que foi dictaminada desfavorablemente cumpre coas esixencias do artigo 100 do ROMP.'

7. SOMETEMENTO A VOTACIÓN DAS EMENDAS 43, 45, 46 E 50

1. EMENDA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 43/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA BONIFICACIÓN DO

ACTAS E GOBERNO

ARG/cal

Ref: 26ap020602

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 6-2-2026 (ORZAMENTO 2026)

IBI EN DETERMINADAS ÁREAS DE EXPANSIÓN.- Tras a deliberación efectuada, sométese o ditame a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 do Grupo Municipal do Partido Popular e de dona María Reigosa Castro.
- **Votos en contra:** 12 dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal o referido ditame é aprobado por maioría absoluta dos membros da Corporación.

2. EMENDA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 45/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA OBRAS NA RÚA FERMÍN RIVERA.- Tras a deliberación efectuada, sométese o ditame a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal o referido ditame é aprobado por unanimidade dos dos membros da Corporación.

3. EMENDA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 46/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE ESPERANTE.- Tras a deliberación efectuada, sométese o ditame a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal o referido ditame é aprobado por unanimidade dos dos membros da Corporación.

4. EMENDA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 50/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE RECOLLA NOS CONVENIOS PARA CONCESIÓN DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS A POSIBILIDADE DE PAGAMENTOS ANTICIPADOS.- Tras a deliberación efectuada, sométese o ditame a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal o referido ditame é aprobado por unanimidade dos dos membros da Corporación.

8. Aclaracións efectuadas polo interventor xeral municipal, a petición da Alcaldía, indicando que: 'No momento en que se aproban estas emendas, modifícanse cifras e afecta a documentos do expediente que foron informados no seu día e nos que se basearon, por exemplo, os informes de Intervención e ós que se deberían someter a información pública pois no momento en que estas emendas se aproban e se introducen no Orzamento, deberían volver configurarse estes documentos. A efectos do que me incumbe agora mesmo, que son os informes de Intervención, si que lles quero dicir que non varían nin no relativo...a introdución destas emendas non afectan ós cálculos de estabilidade, nin de regra de gasto, nin de volume de endebedamento que recolle o informe de estabilidade polo que quedarían...sería o mesmo, e no que se refire aos informes de Intervención, tamén pola importancia relativa que teñen tampouco afectaría ás conclusións deste informe. Modificaríanse certas magnitudes calculadas, algunha incluso melloraría como o aforro neto, lixeiramente pero tampouco tería transcendencia polo que Intervención mantería as conclusións deste informe. Entón eu entendo que, aínda que teñan lugar estas emendas, se debería reconfigurar a documentación, pero non impediría a aprobación inicial do Orzamento, sempre que os documentos se sometan a información pública e sexan os que conteñen xa estas emendas aprobadas.'

Directamente relacionado co informado polo señor interventor, a secretaria informa ao Pleno dos termos da votación dado que se vai incorporar un punto CUARTO á proposta da Alcaldía cuxa parte expositiva resulta ser a seguinte:

'O proxecto do Orzamento Xeral Consolidado da Corporación para o ano 2026 ascende nivelado en ingresos e gastos a 131.886.261,91 euros e está integrado polos seguintes orzamentos:

- O da propia Corporación, que nivelado en ingresos e gastos ascende a 131.886.261,91 euros.
- O da empresa EVISLUSA, que nivelado en ingresos e gastos ascende a 394.837,89 euros .
- O Orzamento da propia Corporación distingue entre gastos e ingresos correntes, de capital e financeiros, en euros:
 - Gastos correntes:111.837.867,48 €
 - Ingresos correntes:113.066.282,91 €
 - Gastos de Capital:19.448.394,43 €
 - Ingresos de Capital:550.000,00 €
 - Gastos financeiros: 600.000,00 €
 - Ingresos financeiros:.....18.269.979,00 €

O Orzamento da empresa EVISLUSA distingue entre:

ACTAS E GOBERNO

ARG/cal

Ref: 26ap020602

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 6-2-2026 (ORZAMENTO 2026)

• Gastos.....	394.837,89 €
• Ingresos.....	394.837,89 €

Os estados de gastos e ingresos por Capítulos preséntanse segundo o seguinte resumo:

RESUMO POR CAPÍTULO**ORZAMENTO DA PROPIA CORPORACIÓN (€)**
ESTADO DE GASTOS**A) OPERACIÓNS CORRENTES**Capítulos:

1.- Gastos de persoal	38.502.079,72
2.- Gastos en bens correntes e servizos	65.999.221,87
3.- Gastos financeiros	511.145,00
4.- Transferencias correntes	6.425.420,89
5.-Fondo de Continxencia e outros imprevistos	400.000,00

B) OPERACIÓNS DE CAPITALCapítulos:

6.- Investimentos reais	17.800.176,08
7.- Transferencias de capital	1.648.218,35

C) OPERACIÓNS FINANCEIRASCapítulos:

8.- Activos financeiros	600.000,00
9.- Pasivos financeiros	00,00

TOTAL ORZAMENTO131.886.261,91**ESTADO DE INGRESOS****A) OPERACIÓNS CORRENTES**Capítulos:

1.- Impostos Directos	43.783.700,00
2.- Impostos Indirectos	5.668.190,00
3.- Taxas e outros ingresos	26.733.215,43
4.- Transferencias correntes	36.247.677,48
5.- Ingresos Patrimoniais	633.500,00

B) OPERACIÓNS DE CAPITALCapítulos:

6.- Alleamento de investimentos reais	0,00
7.- Transferencias de capital	550.000,00

C) OPERACIÓNS FINANCEIRAS

Capítulos:

8.- Activos financeiros100.000,00

9.- Pasivos financeiros18.169.979,00

TOTAL ORZAMENTO **131.886.261,91**

ORZAMENTO DA EMPRESA EVISLUSA (€)

A) GASTOS

- Aprovisionamentos (actividade) 0,00

- Gastos de Persoal 352.221,93

- Outros gastos de explotación (xerais) 42.615,96

TOTAL..... 394.837,89

B) INGRESOS

- De explotación (Actividades singulares) 9.000,00

- Outros ingresos explotación (Act. Ord.) 385.837,89

TOTAL..... 394.837,89

ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO

ESTADO DE GASTOS (€)

A) OPERACIÓNS CORRENTES

Capítulos:

1.- Gastos de persoal38.854.301,65

2.- Gastos en bens correntes e servizos66.041.837,83

3.- Gastos financeiros511.145,00

4.- Transferencias correntes6.030.583,00

5.- Fondo de Continxencia..... 400.000,00

B) OPERACIÓNS DE CAPITAL

Capítulos:

6.- Investimentos reais 17.800.176,08

7.- Transferencias de capital..... 1.648.218,35

C) OPERACIÓNS FINANCEIRAS

Capítulos:

8.- Activos financeiros600.000,00

9.- Pasivos financeiros00,00

TOTAL ORZAMENTO 131.886.261,91

ESTADO DE INGRESOS

A) OPERACIÓNS CORRENTES

Capítulos:

1.- Impostos Directos43.783.700,00

ACTAS E GOBERNO

ARG/cal

Ref: 26ap020602

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 6-2-2026 (ORZAMENTO 2026)

2.- Impostos Indirectos	5.668.190,00
3.- Taxas e outros ingresos	26.733.215,43
4.- Transferencias correntes	36.247.677,48
5.- Ingresos Patrimoniais	633.500,00

B) OPERACIÓNS DE CAPITAL

Capítulos:

6.- Alleamento de investimentos reais	0,00
7.- Transferencias de capital	550.000,00

C) OPERACIÓNS FINANCEIRAS

Capítulos:

8.- Activos financeiros	100.000,00
9.- Pasivos financeiros	18.269.979,00

TOTAL ORZAMENTO	131.886.261,91
------------------------	-----------------------

Así mesmo, inclúense as Bases de Execución que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria e fiscalizadora á organización e circunstancias da propia Entidade.

Ó Orzamento Xeral únense como anexos:

- 1º. Plan de Investimentos do 2026.
- 2º. Proposta da xerencia da sociedade mercantil do Programa anual de actuación, investimento e financiamento da empresa EVISLUSA.
- 3º. O estado de consolidación de tódolos orzamentos que integran o Xeral.
- 4º. Estado de previsión da débeda.

Ó Orzamento da propia Corporación únese como documentación complementaria:

- Memoria.
- Liquidación do Orzamento de 2024, resumida por capítulos.
- Avance da liquidación de 2025, resumida por capítulos en ingresos e gastos, referenciada a 30.09.2025.
- Anexo de persoal.
- Anexo de investimentos que se prevén realizar no exercicio, debidamente codificado.
- Informe económico-financeiro.
- Informe da Intervención Xeral.'

A continuación sométese a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 13 | dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Votos en contra: | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría de trece votos a favor, doce en contra e ningunha abstención, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral Consolidado para o exercicio 2026 que ascende nivelado en ingresos e gastos a **131.886.261,91** euros, está integrado polo Orzamento da Propia Corporación que ascende a **131.886.261,91** euros nivelado en gastos e ingresos e o Orzamento da empresa EVISLUSA, que ascende nivelado en ingresos e gastos a **394.837,89** euros, cos estados de gastos e ingresos, segundo resumo anterior, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ó expediente.

SEGUNDO.- Aprobar o cadro de persoal do Concello de Lugo, tanto de funcionarios como de laborais, segundo figura no expediente confeccionado para o efecto polo servizo de Persoal.

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral 2026, según consta en documento anexo ao expediente.

CUARTO.- Esta aprobación inicial queda condicionada á adaptación da documentación integrante do Orzamento que se vexa afectada polas emendas aprobadas, condición que deberá quedar acreditada antes do cumprimento do trámite de información pública.

DELIBERACIÓN

EXCMO. SR ALCALDE: Bo día a todos e todas os presentes. Antes de comezar formalmente o Pleno ídesme permitir unhas palabras de recoñecemento sentido á compañeira Olga López Racamonde. Ela está hoxe aquí, vén directamente do hospital, facendo un esforzo importante, e entón Olga eu quero dicir que eres un exemplo de compromiso, responsabilidade e lealdade e un orgullo para todos nós. Eu creo que falo, en nome de todos os compañeiros e compañeiras de Corporación, pois o noso agradecemento sentido. Desexarche o mellor -que seguro que vai ser así- e moitas grazas por ser como eres. Moitas grazas!

[Aplausos]

Ben, dito isto, imos dar comezo a este Pleno extraordinario de orzamentos que ó ser extraordinario, ten unha mecánica lixeiramente diferente aos habituais. Vaise celebrar un único debate conxunto que incorpora catro emendas, máis o proxecto de orzamentos, cuns tempos de seis minutos, catro e un, que foi o que se acordou na Xunta de Portavoces, aínda que despois as votacións van ser individuais. Votaremos cada unha das emendas por separado e posteriormente o Proxecto de Orzamentos no seu conxunto. Así que pásolle a palabra para que nos lea o punto da orde do día, á secretaria. Cando queira.

A SECRETARIA XERAL DO PLENO: Moi ben, moitas grazas. Bo día. Iniciamos entón esta sesión plenaria extraordinaria cun único punto na orde do día: Trátase da aprobación inicial do orzamento xeral do ano 2026 e documentos complementarios. Como ides debatir conxuntamente, segundo acaba de dicir o

ACTAS E GOBERNO

ARG/cal

Ref: 26ap020602

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 6-2-2026 (ORZAMENTO 2026)

alcalde, coas emendas aceptadas, vou facer tamén lectura desas catro emendas que son a emenda do Grupo Municipal do Partido Popular número 43 de rexistro de Pleno para a implantación dunha bonificación do IBI en determinadas áreas de expansión; a segunda será a emenda do Grupo Municipal do Partido Popular número 45, relativa ás obras na rúa Fermín Rivera; a emenda número 46 de rexistro de Pleno para abastecemento de auga, saneamento en Esperante e a 4ª, a número 50, para a recollida nos convenios para a concesión de subvencións nominativas, da posibilidade de pagamentos anticipados.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, pois ten a palabra, en primeira quenda, a voceira municipal, señora González Abelleira. Cando queira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Motas grazas, señor alcalde e moi bo día a todas e a todas as persoas que nos acompañan e ás que nos están seguindo nas redes. Como Goberno municipal queremos, en primeiro lugar, agradecer e poñer en valor o traballo realizado pero, sobre todo, o que significa este documento que hoxe presentamos a ditame é o reforzo da nosa identidade, o Lugo que inviste no futuro e que cre no público como a mellor garantía de liberdade e igualdade. Por todo iso imos solicitar ese voto favorable a esta proposta.

Trátase dun orzamento que hoxe sometemos, evidentemente, a ditame por un de 131.946.261,91 euros. É un documento de continuidade, si, do noso proxecto de cidade, pero ao mesmo tempo, moi ambicioso e que mira cara ao futuro. Da continuidade con rigor aos orzamentos anteriores, tal como indica tamén o adianto de liquidación dos anteriores orzamentos que imos seguir novo camiño. Cumpre coa folla de ruta liderada polo señor alcalde para avanzar nese Lugo de futuro que todas e todos desexamos. Un Lugo que non deixa a ninguén atrás, que reforza os servizos públicos e que utiliza a eficiencia na xestión como ferramenta redistributiva. Presentamos un orzamento equilibrado que cumpre con todos os requisitos legais e garante a estabilidade orzamentaria institucional. En canto ás respostas para as emendas, respecto ás que foron presentadas pola oposición, cómpre ser clarificadores. A maior parte non se puideron ter en conta por razóns estritamente técnicas ou xurídicas. Nós, como Goberno, debemos apostar polo rigor normativo. Como dicía moitas contraviñan o artigo 100 do ROMP, do regulamento que nós rexe, movendo crédito entre funcións distintas ou pretendían financiar gasto corrente con préstamos, algo que, como ben é sabido, prohibe a Lei taxativamente. E como Goberno podemos compartir como xa se trasladou ó grupo propoñente, o fondo de moitas destas emendas, pero a nosa obriga é cumprir a Lei. Por exemplo, unha das emendas que falaba da RPT, na que nós xa o contemplabamos porque así o esixe tamén a Lei de emprego público, dotando o capítulo I de 38,5 millóns de euros para todas as prazas da RPT do Concello de Lugo. En canto ao resto de propostas houbo consenso e aceptáronse porque consideramos que pode mellorar, ou que mellora nalgún aspecto, o que estaba proposto polo equipo de goberno. Incorpóranse a este Pleno as seguintes emendas que xa mencionou a secretaria e imos apoiar tanto a da rúa Fermín Rivera, por ser garantistas, porque xa era un tema que estaba recollido nos orzamentos, ao mellor

non con nome e apelidos pero, como ben saben, hai un convenio coa Confederación Hidrográfica na que presuntamente iso xa se tería en conta, porque aínda falta saber se hai que cambiar ou non cambiar o saneamento e o abastecemento desa zona, Pero o compromiso é total e tamén imos aceptar, nos termos que levamos esixindo nos distintos acordos de Pleno, a emenda do saneamento de Esperante. Hai ese compromiso buscándolle ese encadre, perdón, técnico e xurídico axeitado no proxecto de orzamentos, do que se fará a explicación técnica pertinente ó remate, se fora necesario. E así mesmo, por unanimidade tamén acordada na comisión previa, mellorárase a Base 24 garantindo ese anticipo que xa se viña facendo a todas as entidades que concorrian ás subvencións deste Concello, tanto por concorrencia como a través dos convenios, para que poidan pedir ese anticipo ou desfrutar dese anticipo. Unha medida desde logo favorecedora para todas as entidades, como digo, tanto as deportivas e culturais que xa as viñan desfrutando, como outras entidades sociais ou de calquera outro eido, esa tamén por unanimidade, como digo. E respecto á do IBI, por responsabilidade tamén debemos manter o principio de prudencia fiscal, e non podemos aceptala xa que fala de valores estimativos e neste caso cómpre ter unha análise de custos rigorosos, porque poñeríamos en serio risco a estabilidade orzamentaria e o cumprimento das normas preceptivas. Con todo, este orzamento é a plasmación do modelo de cidade liderada polo señor alcalde e apoiado polo equipo de Goberno e supón, entre outros aspectos, investimentos por 17,7 millóns de euros; un escudo social de 6,4 millóns de euros; unha aposta por aqueles dereitos básicos como é a vivenda dende o público, e non rexeitamos ideas, rexeitamos formulacións xa que, tal e como viñan redactadas, desestabilizarían as contas ou serían inviables, inviables para este orzamento. E, rematando, non podo máis que agradecer o inmenso esforzo realizado por todas as persoas que fixeron posible este proxecto, dende os técnicos e técnicas municipais, o persoal de Intervención, Actas e Goberno, así como a cada asesor e traballador desta casa que se implicaron. Grazas ao seu labor hoxe contamos con esta ferramenta rigorosa, seria e social para un orzamento que Lugo merece.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, moitas grazas! Ten agora a palabra, en representación do Bloque Nacionalista Galego, tenente de alcalde, o señor Rubén Arroxo. Cando queira.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Grazas e bo día a todas e todos, as persoas que estades hoxe aquí. E primeramente eu tamén lle quero agradecer a Olga Racamonde a súa asistencia, porque, a verdade, ben sabemos que é duro, moi de agradecer. Grazas.

Ben, iniciando xa este Pleno, comentar que traemos aquí o proxecto anual máis importante para unha Corporación municipal como é a aprobación dos orzamentos, porque, como ben sabemos, podemos ter moitas ideas, moitas iniciativas, pero, se non se recollen no expediente dos orzamentos pois despois non se poden executar. E este documento recolle cuestións moi diversas, dende as necesidades ás que estamos obrigados por responsabilidade a poder executar, pasando por proxectos

que consideramos que van ser importantes para a nosa cidade, para que a nosa cidade siga avanzando, ata que cuestións que ao final ten que asumir o Concello, porque unha vez máis outras administracións, principalmente a Xunta de Galiza, non asume e temos que acabar incluíndo nós nos nosos orzamentos. Ademais, tráense nun momento especialmente importante, nun momento no que Lugo por primeira vez vén de superar os 100.000 habitantes, nun momento no que estamos a bater constantemente récords de visitantes na nosa cidade e que, polo tanto, podemos dicir que Lugo a día de hoxe é unha cidade totalmente dinámica. Pero pasando directamente ás partidas entre as que estamos obrigados por responsabilidade de facer, aparecen algunhas recollidas, como poden ser eses 900.000 euros destinados a repavimentacións urbanas, que neste ano van ser especialmente moi importantes porque estamos a vivir un dos invernos máis chuviosos do século XXI e evidentemente pois os danos nos pavimentos xa estamos a ver que van ser importantes. Isto pois se vai unir tamén a 100.000 euros para seguir repintando a cidade Todos os anos hai que repintar; de feito, dende a oposición moitas veces se trasladan, vén trasladado ás comisións e solicitudes de repintados de determinadas zonas da cidade, cuestión que evidentemente non se pode facer se non temos uns orzamentos aprobados. Ou tamén dentro destas obrigas que entendemos, estes 250.000 euros que van destinados á mellora dos polígonos industriais para que os polígonos sigan mellorando, para que máis empresas se poidan instalar nestes polígonos e, polo tanto, que tamén se cree emprego. Tamén van partidas destinadas, arranxos na Praza de Abastos, totalmente necesarios en locais, no sistema de extracción de gases, na mellora das escolas infantís, onde van 70.000 euros para as melloras e 24.000 para os sistemas de climatización que, por certo, a educación de '0' a '3' anos sería unha competencia da Xunta que o Concello tamén asume e que, dende logo, é un gasto considerable.

En canto aos proxectos que cremos que impulsan a cidade son diversos. Podemos falar dalgúns acordados con colectivos veciñais, con veciños que solicitaron xuntarse, como por exemplo a mellora dos espazos entre Otero Pedrayo e Río Eo, solicitudes que fixeron comunidades educativas como a do Colexio Illa Verde para mellorar o seu contorno escolar, como se fixo noutros sitios, como se fixo no Colexio Luís Pimentel, no Rosalía de Castro, como se vai facer agora xa en poucas semanas na contorna do colexio da Anexa, ou do Colexio das Mercedes, pois tamén vai unha partida para seguir avanzando nesta seguridade que entendemos moi importante, dos nenos e nenas cando van aos seus centros escolares, pois que se poidan seguir mellorando, como xa se fixo no seu momento, cos pasos de peóns elevados tamén nos contornos escolares. Hai proxectos que tamén entendemos que impulsan a cidade, como esa pasarela para salvar unha barreira urbanística histórica que ten a cidade, que é a Rolda República Arxentina, que cortou os camiños tradicionais sen unha alternativa, pois agora se poderán recuperar, se poderán unir dúas zonas verdes, como é o parque de Rosalía ao parque Marcos Cela, pero sobre todo vai quedar unha vía natural que existiu no seu momento para comunicar o centro da cidade co río a través ademais dun percorrido peonil, porque imos poder saír do centro, atravesar Recatelo, que é un barrio peonil e logo

atravesar os parques salvando esa barreira cunha pasarela. Pero tamén hai máis proxectos, pero tamén hai cuestións que son competencia da Xunta, como falabamos e que temos que asumir, podemos falar...falabamos antes dalgunhas, podemos incluír os comedores escolares, que para este ano vai dedicado 1.062.696 euros, e outra serie de cuestións que suman preto dos 10 millóns de euros que, por certo, se o Concello non tivese que asumir estas competencias impropias, estes orzamentos non terían débeda, porque eses 10 millóns non terían que terse que ir a débeda, porque as tería que pagar quen lle corresponde que, neste caso, é a Xunta de Galiza, pero é máis, é que se a Xunta asumise os seus compromisos históricos, teríamos 3,8 millóns de euros máis neste orzamento para poder destinar a gastos que son competencia do Concello, porque 3,8 millóns de euros son os que van destinados ao Cuartel de San Fernando para poder solicitar os fondos do Ministerio para poder rehabilitalo dunha vez, debido a que a Xunta, que a pesar de que hai un compromiso dende o ano 2001 para poder executar este proxecto, pois de momento non se conseguiu. Por tanto, ao final estes orzamentos temos que equilibrar en sacar proxectos que cremos de interese para a cidade, cubrir as cuestións que temos que cubrir por obriga e por responsabilidade, pero tamén, como digo, ter que asumir o que outras administracións non fan.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, moitas grazas, señor Arroxo. Tén agora a palabra, en representación do Grupo Popular, a señora Elena Candia.

DONA MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Moi bo día a todos e todas. Eu tamén me alegro que nos acompañe a señora Racamonde, non só pola súa presenza, senón porque interpreto como unha mellora e que lle desexo absolutamente de corazón unha pronta recuperación. Así mesmo, tamén lle advirto que durante todo o que poida necesitar así llo trasladamos na Xunta de Voceiros, ó señor alcalde, este grupo nunca empregará un mal uso da representatividade nesta Corporación por unha situación de saúde así que, de corazón, forza e que todo salga moi ben.

Hoxe, efectivamente, un día que debería de ser importante, os orzamentos, como dixeron os dous voceiros, son os documentos que supoñen a ferramenta para planificar, para coordinar, para manter controladas as accións e tamén para ver un pouco o modelo de cidade que queren poñer en marcha nos vindeiros anos. Ver que os recursos se invistan de maneira produtiva e evitar gastos innecesarios, iso serían uns bos orzamentos. Realmente dende a oposición, cál é o noso papel. Evidentemente analizar que eses orzamentos cumpran a normativa, e en segundo lugar, pois contrapoñer a xestión e ver un pouco a praxis que veñen facendo nesta lexislatura. A verdade que o papel o aguanta todo. E tamén, por suposto, a defensa do mesmo, porque despois de escoitar a ambos voceiros, evidentemente hai cousas que hai que puntualizar. Definía a voceira do Partido Socialista que son uns orzamentos que invisten no futuro e que cren no público. Hai que ser muy valiente obviamente para dar estes datos, porque os debates eu sempre o digo, gáñanse con datos e con argumentos. 'Inviste no futuro', referirase aos 40 millóns de débeda viva que lle quedan ós lucenses de futuro para pagar a xestión que está tendo este bigoberno durante moitos anos e que 'cre no público', haberá que contrastalo xa só

en contratos caducados, practicamente equiparan a cantidade orzamentaria que gastan en todo o persoal do Concello, algo absolutamente insultante. É certo que son uns orzamentos de continuidade seguen desoíndo, se cadra dunha maneira máis grave, todas as advertencias que lles trasladan os servizos xurídicos e económicos deste Concello. Non reforzan o público, máis ben atentan claramente cara a súa sustentabilidade e imos dar os datos. Non teñen equilibrio, non o teñen, non cumpre, non o di o Partido Popular, tivo a valentía de dicilo na súa exposición. Aquí o propio orzamento dio clarísimamente o proxecto de orzamento xeral para o ano 2026 non cumpre coa estabilidade orzamentaria. Si non o leu, prégo lle prégo lle por favor, que lea este informe, páxina oito. Porque cando se afirma desa maneira contundente, faltas de verdade tan graves, déixanos fondamente preocupados. Deixa a moita xente atrás, a moita, e xa non imos entrar en nomes e apelidos, ás entidades sociais, como Michos, por exemplo, que cobrou en xaneiro do 2026 o convenio do 2024. Esa tensión de liquidez deixa atrás proxectos e desmotiva e desincentiva a persoas que dun xeito desinteresado e comprometido traballan por esta cidade. Non teñen, por suposto, o equilibrio e, por suposto, non cumpren a normativa.

Puntualmente voume referir a algunhas das emendas, porque non, vostedes non aprobaron por unanimidade nin ditaminaron as que vostede citou, só unha, só unha, a que a obriga, que non deixa de ser unha opción, senón unha obrigación a xestionar eses anticipos. O resto, vostede, nomeadamente, porque non todos forman parte da Comisión de Contas, votou en contra. E se hoxe debatemos outras dúas, son porque outras compañeiras da Corporación, nun caso unha das concelleiras do BNG, a do IBI e, noutro caso, unha concelleira que forma parte do Grupo Socialista, senón hoxe non se debaterían. E, efectivamente, aceptaron a de Esperante, pero, tal como leu a señora secretaria, non é de saneamento é de abastecemento e saneamento, así o pon a emenda e votarémola a posteriori. Isto realmente son as realidades destas contas que, realmente, son uns contos, porque se decía que a oposición, además de facer achegas, que só me centrei nas que subsisten e chegan a este Pleno, tamén hai que ver exactamente os compromisos. O orzamento reflicte a realidade deste bigoberno. Un 60% gasta a área do PSOE, un 40% gasta a área do BNG, e as prioridades van estar aí, en manter o pacto, e non nas prioridades que ten a cidade. Daba as cifras o señor Arroxó das reposicións de firme, gastan máis en dúas rotondas quen na reposición de firme de toda unha zona da cidade. Ese é un exemplo das prioridades, porque o que se busca non son resolver as necesidades dos lucenses, buscan resolver as necesidades do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista. Non teñen rigor. Di vostede que non pode apoiar a do IBI porque non ten un estudo económico, léase tamén os informes, di claramente que están en perigo a sustentabilidade dos servizos públicos e que non contan, en ningún deles, cun estudo económico rigoroso, incluso naqueles que gastaron diñeiro en contratar unha consultora desas que lles gustan tanto, nin sequera todo ese traballo ao final serviu para nada, nin o fixeron público, nin lle fixeron caso, e algún servizo ten déficit de máis de sete millóns de euros. O propio orzamento e aquí vou dar o dato quizá que máis nos preocupa reflicte un aforro neto negativo, que viñeron

dilapidando dunha maneira sen control e alarmante dende que teñen responsabilidade de goberno. Especialmente centreime nos datos dende o ano 2021. Esa é a realidade desta contas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Grazas, señora Candia, grazas. Segunda quenda para a señora Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Ben, a verdade é que ten un papelón, señora Candia, para non defender estes orzamentos, pero de todas maneiras hoxe non traemos a Pleno simplemente un documento contable, dicíao na primeira intervención, traemos o motor que vai acelerar Lugo nos vindeiros anos.

Presentamos o orzamento máis elevado da historia deste Concello, con 131 millóns, case 132 de euros que atenderá a outro fito histórico en Lugo, o Lugo das 100.000. Indicadores do Lugo que medra, que avanza, superamos a barreira dos 100.000 habitantes. E este Goberno responde con ambición, e estamos ante un proxecto claramente político que define o modelo de cidade que desexamos: unha cidade máis competitiva, máis xusta e máis humana. Un Lugo que aproveita a súa xanela de oportunidade para ser referente en Galicia, e este orzamento é a plasmación dun compromiso social inquebrantable. Onde outros ven gasto, como vostede refería, nós vemos investimento en persoas. O público como garantía. Destinamos 38,5 millóns de euros a persoal, o capital humano; e máis de 66 millóns a garantir os servizos básicos que cheguen a cada barrio e a cada parroquia na vivenda e no benestar porque Lugo esixe a esos dereitos. Lugo é un Concello solvente e responsable e debemos sentir ese orgullo. Mentres outros fan demagogia os datos din que só empregamos o crédito necesario mantendo un endebedamento baixo e esta saúde financeira é a que nos permite hoxe investir 17,7 millóns de euros en transformación real. Falamos de proxectos estratéxicos, o desenvolvemento do ámbito Lugo Novo Norte, a transformación do cuartel de San Fernando no Museo da Romanización, e os investimentos en deporte, medio rural, así como en abastecemento e saneamento, que son accións demandadas por colectivos ou por persoas que viven nas distintas parroquias e que atenden á realidade do noso municipio. E, para rematar, volvo rematar agradecendo esa visión do señor alcalde para trazar este camiño. Este proxecto é o resultado dun traballo colectivo de moitas persoas, non soamente do Concello pero si do persoal técnico, do funcionariado, do equipo de goberno e de todo o persoal de confianza, persoas que todas, ás que todas hoxe quero agradecer a súa dedicación e tamén o respecto, como non pode ser de outra maneira, do traballo da oposición, á que lle traslado que non rexeitamos propostas por capricho, apostamos pola rigorosidade e a legalidade, e este Goberno non se vai conformar con xestionar o presente. Lugo quere liderar o futuro e por iso presentamos unhas contas serias, expansivas e profundamente sociais, un orzamento que en definitiva é a ferramenta que necesitamos para seguir avanzando con orgullo e dende logo sen deixar a ninguén atrás.

ACTAS E GOBERNO

ARG/cal

Ref: 26ap020602

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 6-2-2026 (ORZAMENTO 2026)

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, segunda quenda para o señor Rubén Arroxo.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Grazas, señor alcalde!. Eu espero que cunha frase que acaba de dicir foi por unha cuestión de descoñecemento, de despiste, que nos pode pasar a todos, sen unha intención de lanzar un bulo, porque o de que se vai gastar máis en dúas rotondas que na repavimentación de firmes. Imos ós números. Dúas rotondas van ser 200.000 euros, dúas rotondas, porque aquí van incluídas seis dúas, son 200.000 euros. Repavimentación de firmes entre as distintas zonas máis os polígonos: 1.150.000 euros; 200.000 verso 1.150.000 euros, a diferenza é importante, a ver, é fácil confundirse, seguro que non quixo lanzar un bulo, que foi unha pequena confusión.

Ben hai unha serie de partidas que tamén considero importantes e que non mencionei non, porque pois hai un ano, cando falabamos dos orzamentos, falamos doutro reto, abría o auditorio 'Fuxan os ventos', Lugo pasaba a ter catro instalacións culturais municipais e había que crear unha axenda cultural para estes catro edificios e ademais para as actividades que se fan ao aire libre no vao con determinados eventos, e conseguiuase, e este ano tamén vai unha partida importante de 650.000 euros para seguir avanzando e que Lugo sexa unha cidade dinámica, ademais recoñecida noutras cidades, que está a ser unha cidade moi dinámica a nivel cultural. Tamén recolle 1.093.000 euros para o San Froilán e é importante tamén recalcar que desta partida o que vai aos concertos, ás actividades, que son moi diversas, son 475.000 euros. Moitas veces débatese sobre os concertos, temos escoitado incluso dende esta bancada moito número e pouca calidade, cando realmente moito número e pouca calidade, é un ataque realmente as agrupacións locais. Pero con 475.000 euros os prezos que van a día de hoxe determinados concertos pois se ve moi complicado. Temos afortunadamente unha axuda importante da Deputación Provincial e unha axuda de chiste dos 15.000 euros da Xunta que segue castigando a Lugo pois tamén nas grandes festas do outono galego.

Por certo antes, e gustárame recalcar, porque con estes 3,8 millóns do Cuartel de San Fernando que temos que asumir, non sei se coñecen o que era a Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico? A Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico, que nace no ano 2001, a través da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, naquel momento gobernado polo señor Manuel Fraga, creaba catro centros arqueolóxicos, un por provincia, un en Pontevedra: o Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre, localizado en Campo Lameiro, que se inaugurou xa o 6 de xullo de 2011, onde vai!; outro en Ourense: o Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa, que se inaugurou o 8 de marzo de 2014, máis dunha década tamén; outro na Coruña: o Parque Arqueolóxico do Megalitismo da Costa da Morte, que iniciou as súas partidas económicas en outubro do 2023 está en proceso; e outro era o de Lugo: o Museo Galaico Romano da cidade de Lugo, do que a Xunta puxo absolutamente nin a primeira pedra e, polo tanto, agora, se non houbese que poñer estes cartos, como digo, teríamos unha contía maior, menos débeda, todo iso.

Queremos acabar coa débeda no Concello?, témolo moi sinxelo, poder levar adiante todos estes proxectos, poder cumprir con todas as necesidades que ten Lugo e non ter débeda. Témolo moi sinxelo. Saquemos un acordo unánime desta Corporación, esixirlle á Xunta de Galiza que asuma as súas competencias, as competencias que estamos levando de forma impropia. Estamos de acordo?, si ou non? Se estamos de acordo -ademais que as ten que cumprir por Lei-, estámolo cubrindo nós, Lugo deixa de ter débeda. É máis, e temos 3,8 millóns máis para levar adiante proxectos a maiores. Creo que poderíamos estar todos de acordo neste aspecto, salvo que dende outras esferas pois non o permitan.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, señor Arroxo. Segunda quenda para a señora Candia, cando queira.

DONA MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Moitas grazas, señor alcalde.

Mire, señor Arroxo, Anexo de Investimentos, Partida para a glorieta da Avenida de Magoi e a avenida Breogán, 600.000 euros, é o que pon aquí [amosa documentos], o que teña pensado facer, verémolo, ten o nome aquí, vale? Expóñoille seis, 600.000 euros. Pavimentación da zona norte, que foi o que citei, orzamento:330, case o dobre, foi o que dixen e o que manteño, non ridiculice o traballo da xente, punto primeiro.

Xa ve que veñen aquí a controlalo, será pola diferenza de voto que houbo na comisión que ben sabe que vostede aquí non ten a capacidade plena de decisión. Respecto ao que poñen os orzamentos e o que vostedes fan despois hai, evidentemente, unha gran diferenza e eu que, efectivamente, teño que agradecer o traballo de todo o equipo de funcionarios e persoal do Concello, especialmente pola correctísima e a atención que teñen co grupo da oposición, pois a eles me vou dirixir porque probablemente sexan, igual cos lucenses, non sei en qué orde, os máis enganados dos últimos orzamentos, e, mire, como lle dicía, o papel aguanta todo, pero aguántao ata un tempo. Nós neste momento temos uns datos que son incuestionables, que é a liquidación do 2024. Aí vese realmente que o que poñían no papel se fixo ou non se fixo. No Anexo de Investimentos todos recordaremos o debate que tivemos aquí, por exemplo, para ter fondos para a Protectora e vostedes argumentaban que non podía destinarse unha partida para os hortos ecolóxicos do barrio, nin hortos, nin naquel exercicio orzamentario Protectora, nin nada, daquela era a argumentación, que había que cumprir a Lei, que non se podía facer. Ben, as obras da Ponte, cando non é a Xunta, cántas veces citou o señor Arroxo no debate que ten que ser máis ilusionante o seu proxecto á Xunta de Galicia, perdín a conta porque é o obxectivo, perfecto!, é lícito e está dentro do debate político, pero o que nosoutros non podemos permitir son as mentiras. Mire, na Conta Xeral do 2024, a partida para Persoal, para blindarlle e recoñecerlle os seus dereitos, que a maioría deles teñen que acabar no xulgado -parece increíble estando gobernados por dúas forzas que se definen como progresistas- levaba unha partida de 36 millóns, superaba os 36 millóns concretamente 36.053.000 euros. Sabe realmente canto diso foi para Persoal?, 31 millóns. Qué lle parece? Qué pasou con todo iso?, pois que foron para outros sitios, porque aquí realmente

volvemos ao mesmo datos ou argumentos, porque o resto son contas. Qué se pagou co diñeiro do persoal?, co que lle blindaría a carreira profesional, co que lle permitiría realmente presumir entre comiñas de ser un servidor público e que por iso fixo un esforzo de preparar unha oposición por ter os seus dereitos blindados. Pois mire, señor Arroxo, coa partida de Persoal pois pagou gastos do San Froilán. Pagou por exemplo un servizo prestado de bedel a unha empresa privada, e iso que vostede apostan polo público. Por exemplo, un contrato para a conservación integral das áreas de xogos infantís, que agora paréceme moi ben que aposten por máis parques, pero é moi importante que manteñan os que hai que son un verdadeiro perigo para os nosos nenos e nenas. Pagaron con Persoal facturas de gas natural, de servizo de vixilancia. Incluso, que isto xa me parece sangrante, un contrato de colaboración administrativa para recadar máis. Estes días que estábamos en debate, que unha das partidas que incrementaba eran as multas, que non deixa de ser un imposto encuberto. Entón estas son as contas, o que nos dixeron son os contos con ese matiz evidentemente das rotondas que me parecía importantísimo aclarar. Moitas grazas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, señora Candia. Última quenda para a voceira municipal, cando queira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Contos para quen a queira oír, señora Candia. Dende logo eu creo que me teño que dirixir ao importante, á veciñanza de Lugo, que é para quen ten e para quen facemos este orzamento. Estes 132 millóns de euros non é esas cifras no papel simplemente, é o compromiso deste Goberno con cada un e unha desas persoas cara ás que traballamos. Son a garantía de que viva onde se viva no centro, nun barrio ou nunha parroquia, este equipo de Goberno está aí para garantir uns servizos de calidade e novas oportunidades. Presentamos, como dicía, e sigo indicando, un orzamento serio e solvente que non se perde en promesas baleiras, señora Candia, que acaba de dar un recital delas, nin emendas inviables, senón que se asenta sobre unha xestión que xa demostrou a súa eficacia. É un orzamento que protexe o noso capital humano e que apoia sen fisuras á veciñanza.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, agotou o seu tempo.

Pois eu antes de pasar á votación permítanme un breve comentario.

Dicía a señora Candia que non lle gustaban estes orzamentos e cualificounos moi malos, pero eu creo que hai un dato que reflicte exactamente o contrario, e é que sumando a totalidade das emendas que presentou o Partido Popular significan, como moito, o 1% da totalidade do orzamento, polo tanto non debían de ser tan malos.

Mire, contrariamente ao que o que di, é máis está no seu papel e eu o respecto, son uns orzamentos realistas, sensatos e ao mesmo tempo ambiciosos, e foron pensados para as persoas, para seguir incrementando e mellorando a calidade de vida da xente, mellorando e modernizando a cidade e sentando as bases para o Lugo do futuro. Estes orzamentos vannos permitir executar, por una parte,

subvencións millonarias, levar a cabo o Museo da Romanización, o proxecto ambicioso do Novo Norte que inclúe a unión da Intermodal co centro, rehabilitación de barrios, humanización doutros, etcétera, etcétera. Seguir avanzando no abastecemento e saneamento; facer máis parques infantís, ampliar as zonas verdes, esa remodelación das rúas e das rotondas das que falaba Rubén Arroxo anteriormente, actuar en Fermín Rivera, en Adolfo Suárez, implementar por primeira vez neste Concello a carreira profesional, que é unha vella reivindicación e un dereito dos traballadores, é dicir, sentar, como lle dicía, as bases do Lugo do futuro. E, mire eu creo que queda constancia da vontade de consenso e de aceptar propostas da oposición sempre que se consideren viables e sempre que teñan sentido do modelo de cidade que obviamente é diferente ao seu, e defendemos.

Das catro emendas que ao final pasaron ao Pleno e que se debaten, aceptámoslles tres, de catro tres, a outra, en relación ao IBI dos núcleos de expansión, aínda que probablemente esteamos bastante de acordo no fondo da cuestión, tal e como a plantearon, é absolutamente inviable, é dicir, é una temeridade aprobar isto sen antes facer un estudo de custos que nos diga de qué estamos falando, porque vostedes mencionan 60.000 euros pero poden ser 90 ou 150, e sobre todo sen modificar a ordenanza e en todo caso non tería aplicación ata o ano 2027. Así que creo que queda constancia da nosa vontade de chegar a acordos e aceptar propostas da oposición e seguimos pensando que son uns orzamentos que son os que necesita Lugo neste momento e que é o que vai mellorar substancialmente a cidade. Queremos agradecer a todos cantos tiveron participación na súa redacción, dende os técnicos desta casa, os distintos servizos e áreas que nos trasladaron as demandas e as necesidades, ás asociacións, ós clubs deportivos é dicir, a sociedade civil no seu conxunto que nos fixo por distintos medios chegar as súas necesidades e incluso o traballo da oposición, das propostas que se presentaron neste Pleno, unhas se aprobaron e outras non, pero todo serviu para ver as necesidades dos cidadáns e a ver qué camiños temos que continuar. Así que dito isto imos pasar ás votacións que, como lles dicía, inicialmente vaise votar en primeiro lugar as emendas e despois o proxecto de orzamento no seu conxunto. Cando queira, señora secretaria.

[Pide a palabra dona María Reigosa Castro pero é inaudible]

EXCMO. SR. ALCALDE: Si como non.

DONA MARÍA REIGOSA CASTRO: ...[inaudible]...no 2026 porque empezaría a aplicarse a partir do un de xaneiro de 2027, entón non afectaría ó presuposto deste ano. Eu penso que esa medida é importante para que algúns veciños non teñan... non estean...nunha situación...ben

EXCMO. SR. ALCALDE: A ver eso estudouse, efectivamente sen un estudo de custos sería temerario tomar esa decisión e requiriría, como lle dicía, unha modificación da Ordenanza. Nós xa o dixemos en varios foros e en varios comunicados, que estamos dispostos a empezar a facer ese estudo de mercado e

de custos, perdón!, e esa sería a modificación da ordenanza pero, neste momento, tal e como está planteado nos parece realmente temerario poder avanzar, e por tanto imos rexeitala, o resto das emendas si que imos aprobar porque entendemos que había xa uns compromisos firmes e é verdade que dúas en concreto: Fermín Rivera e Esperante, entendíamos que xa estaban recollidas no capítulo xenérico correspondente, pero para evitar calquera tipo de dúbida e para garantir que efectivamente hai ese compromiso ningún problema para incorporar unha especie de su subpartida para quedar todos con esa tranquilidade. Así que, se lle parece, pasamos á votación.

A SECRETARIA XERAL DO PLENO: Pasamos entón á votación das emendas.

[A dita votación aparece reflectida na parte expositiva do presente acordo]

EXCMO. SR. ALCALDE: Pois moi ben, antes de pasar á votación, do Proxecto de Orzamento no seu conxunto, quérolle pedir informe ó señor interventor, porque efectivamente, na emenda que se refire a Fermín Rivera, ao incorporarse unha subpartida específica dentro do Capítulo de Investimentos que estaba xenericamente agora incorpórase unha subpartida específica. Iso entendemos nós que require, aínda que non modifique, a estabilidade orzamentaria nin, supoño, as conclusións do informe, pois si que se require unha redacción diferente, unha adaptación diferente dos documentos que acompañan a ese Orzamentos que estaba previamente elaborado, así que, por favor, señor interventor se nos pode creala dese punto antes de proceder á votación.

O INTERVENTOR XERAL MUNICIPAL: No momento en que se aproban estas emendas, modifícanse cifras e afecta a documentos do expediente que foron informados no seu día e nos que se basearon, por exemplo, os informes de Intervención e ós que se deberían someter a información pública pois no momento en que estas emendas se aproban e se introducen no Orzamento, deberían volver configurarse estes documentos. A efectos do que me incumbe agora mesmo, que son os informes de Intervención, si que lles quero dicir que non varían nin no relativo...a introdución destas emendas non afectan ós cálculos de estabilidade, nin de regra de gasto, nin de volume de endebedamento que recolle o informe de estabilidade polo que quedarían...sería o mesmo, e no que se refire aos informes de Intervención, tamén pola importancia relativa que teñen tampouco afectaría ás conclusións deste informe. Modificaríanse certas magnitudes calculadas, algunha incluso melloraría como o aforro neto, lixeiramente pero tampouco tería transcendencia polo que Intervención mantería as conclusións deste informe. Entón eu entendo que, aínda que teñan lugar estas emendas, se debería reconfigurar a documentación, pero non impediría a aprobación inicial do Orzamento, sempre que os documentos se sometan a información pública e sexan os que conteñen xa estas emendas aprobadas, e é o que teño que dicir.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, moitas grazas. Algunha aclaración ao respecto? Adiante.

DONA MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: ...[inaudible]...Fermín Rivera a emenda claramente retiraba da partida de Protocolo...que na Comisión parecía cos informes ían noutra dirección.

O INTERVENTOR XERAL MUNICIPAL: Si, si é certo. Se modifican o resume, por iso digo que afecta a varios documentos, varía no resumo por capítulos, por exemplo se reduce o Capítulo II de Gasto corrente, con gastos aos que vostedes se refiren, e se incrementa o Capítulo VI. Non afecta á estabilidade porque ambos se computan, nin afecta os axustes establecidos, entón quero dicir que si haberá que modificar as cifras do orzamento; agora mesmo, ao aprobarse tamén a do IBI, propoñía unha redución do Orzamento, entón o Orzamento si reduce a súa cifra global en 60.000 euros, pero xa lle digo que non afecta as conclusións. Se terán en conta estes axustes, modificarase o Anexo de Investimentos para que recolla nos termos das emendas, desagregaranse os proxectos relativos e se incluírá un relativo a Fermín Rivera e se desagregarán nos que se referían a saneamento e abastecemento, para que figure nos termos da emenda o relativo a Esperante. Entón esas son as modificacións, así como as bases de execución para recoller o que xa se sinalou na Comisión relativo ós anticipos de subvencións.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, moitas grazas. Aclarado isto, señora secretaria, pasamos á votación.

A SECRETARIA XERAL DO PLENO: Eu tamén quería explicar entón que, na liña do indicado polo señor interventor, a proposta da Alcaldía consta de tres puntos, habería que engadir un cuarto punto para facer efectiva esa condicionalidade da modificación dos documentos que sexan precisos. Polo tanto sería o cuarto punto tería a seguinte redacción:

'Esta aprobación inicial queda condicionada á adaptación da documentación integrante do Orzamento que se vexa afectada polas emendas aprobadas, condición que deberá quedar acreditada antes do cumprimento do trámite de información pública', que loxicamente o será da documentación que verdadeiramente resulta da aprobación das emendas e do que se aproba neste Pleno.

Se Víctor pode achegarse á mesa para darlle á voceira do Grupo Municipal do Partido Popular a redacción do que acabo de ler para que lle quede.

EXCMO. SR. ALCALDE: Si, adiante señora...

DONA MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Como todo o mundo sabe, estes orzamentos estanse debatendo nun pleno extraordinario onde o Goberno marcou o día e a hora. Este grupo fixo o que mellor puido para intentar facer achegas que melloraran este texto, pero as emendas e todas as achegas de documentos que

presentamos sempre o fixemos respectando o regulamento orgánico e os tempos. É dicir, independentemente de que puidera haber algunha sorpresa, vostedes sabían exactamente qué emendas ían ser aprobadas e cales non. Non me parece que sexa a mellor maneira de enterarnos en tempo real do documento que imos votar agora e que teñamos que repasar, non sei se vai suspender o Pleno para que poidamos darlle unha lectura ou se, simplemente, é a efectos de non sei, de cumprir o mero trámite, pero tendo en conta que un Pleno en donde vostedes marcaron os tempos, marcaron as horas, fomos nós os que, dun xeito absolutamente obrigado, temos que ir a contra reloxo, que evidentemente é lícito, chegado a este punto, sabendo que ían aceptar algunhas emendas, creo que isto púidose facer incluso esta mesma mañá. Ao final isto evidencia a falta tamén de talante de chegar a acordos e estar sempre xogando aí no último minuto a ver si entre todos pillamos nun renuncio máis alá dunha valoración que, despois de todas as explicacións que hoxe acabamos de escoitar, e iremos demostrando e sobre todo explicando á cidadanía, que moitas das emendas son absolutamente idénticas ás que quedaron dentro cas que quedaron fóra e que lamentamos que no se estimaran algunhas máis porque efectivamente melloraban o Orzamento...

EXCMO. SR. ALCALDE: Señora Candia o debate xa ocorreu e xa tivo o seu tempo...

DONA MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Eu pedinlle a palabra e deuma vostede...

EXCMO. SR. ALCALDE: Pero non para debatir, señora Candia.

DONA MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Se ma retira eu calo. Retírame a palabra?

EXCMO. SR. ALCALDE: Si, retírolle a palabra porque non ten cuestión. Ben, pois eu creo que dito isto e aclarado todo, evidentemente nós non sabemos o que se vai votar aquí ata que se vota, evidentemente, polo tanto esa prioridade que vostede marca cada un de nós vota cando ten que votar.

Entón eu creo que podemos pasar á votación se ese documento lle serve que é a explicación que deron os habilitados que nos acompañan así que pasamos á votación.

A SECRETARIA XERAL DO PLENO: Ben, dito isto, entón sometemos a votación a aprobación inicial do Orzamento para o ano 2026, así como a súa documentación complementaria nos termos indicados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a o Excmo. Sr. alcalde dá por rematada a sesión, ás dez horas e cincuenta e catro minutos do expresado día seis de febreiro de dous mil vinte e seis, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo.

Concello Pleno, transcribírase ao Libro de Actas. De todo o cal, eu, dona Ana María Rivas García, secretaria xeral do Pleno, dou fe.